

Expediente nº: 1718/2022

Asunto: Licitación “LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA” . Levantamento da suspensión.

O 15 de maio de 2023 Aceesca Emprego S.L. con CIF B36982742 presentou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia recurso especial de contratación contra a Resolución de alcaldía nº 2023-1020 de 4 de maio, que adxudicou o contrato administrativo de servizos “LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA” en favor da empresa LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L. O recurso solicita que se anule a adxudicación e se retrotraia o procedemento.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia solicitou ao órgano de contratación a remisión do expediente e de informe, tal como esixe o artigo 56 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público; e suspendeu a tramitación do procedemento de contratación dos servizos “LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA”. Publicouse anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 22 de maio de 2023 e ese mesmo día remitiuse o expediente de contratación ao TACGAL.

O 2 de xuño de 2023 o TACGAL notificou ao Concello a resolución do recurso especial en materia de contratación (Recurso nº 88/2023, Resolución nº 98/2023) e acorda desestimar o recurso interposto por ACEESCA EMPREGO SL contra acordo do 04.05.2023, de adxudicación do lote 3 da contratación dun servizo de limpeza de colexios do Concello de Ponteareas, expediente 1718/2022, licitado por ese Concello; e levanta a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 da LCSP. De acordo co previsto no artigo 59 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dita resolución é directamente executiva.

De conformidade co que antecede, na miña condición de órgano de contratación, **faise público** no perfil de contratante do Concello de Ponteareas a resolución do recurso especial en materia de contratación (Recurso nº 88/2023, Resolución nº 98/2023) **e déixase** constancia do levantamento da suspensión automaticamente producida na tramitación do expediente de contratación LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA”.

A alcaldesa

María Cristina Fernández Davila

